

ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Aula Profesional Ecoade

Aprendendo das empresas e institucións

O 8 de novembro, no marco do ciclo de conferencias *Aprendendo das Institucións*, Gonzalo Camba-Mendez visitou a facultade para contar ao alumnado o papel do Banco Central Europeo na elaboración de políticas en tempos de inflación como o que estamos a vivir.



Os e as economistas do BCE teñen un papel determinante á hora de asesorar e informar ao Consello que toma decisións sobre aspectos que repercuten na vida de toda a cidadanía como a suba dos xuros.

O ponente, ex alumno da facultade, tamén lle falou ao noso alumnado dos posibles camiños para traballar neste tipo de institución ou noutros organismos europeos.

Aula Profesional Ecoade

Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade

Durante o mes de novembro proxectáronse as dúas primeiras películas do Ciclo de Cine da facultade. Así, o 7 de novembro, o alumnado puido ver *The Big Short* e debatar posteriormente sobre o sistema financeiro e a crise do 2008 e o 28 de novembro proxectouse o filme titulado *I Daniel Blake* ao coloquio posterior discutiuse sobre o sistema de pensións e os servizos públicos.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Aula Profesional Ecoade Cursos e talleres

En novembro rematou o curso *Fundamentos de folla de cálculo para Economía e Empresa* (nivel medio) de 25 horas sobre excel, impartido polo profesor Alfonso Rodríguez Sandias. Con esta formación o alumnado adquiriu un bo manexo desta ferramenta que lle será moi útil tanto nos estudos que vaian desenvolver como na súa carreira profesional.



Tamén no marco da Aula Profesional Ecoade, o 22 de novembro tivo lugar o taller sobre LinkedIn, impartido polo profesor José Ramón Porto Pedrido. A través deste taller, deuselle ao alumnado de terceiro e cuarto importantes consellos a seguir no deseño dun perfil nesta rede profesional e comentáronse as utilidades desta rede para orientar o seu futuro profesional.



25 aniversario da promoción 93-98

O 11 de novembro, visitou a facultade a 1ª promoción de ADE (1993-1998) para celebrar o 25 aniversario do fin dos seus estudos no noso centro. Houbo ocasión para compartir recordos e experiencias, visitar as aulas e espazos onde pasaron moitas horas da súa carreira, ver o que se mantén sen grandes mudanzas e ver todas as novidades que se foron introducindo en todos estes anos.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Xuntanza con delegados/as

O 22 de novembro celebrouse unha xuntanza con delegados/as e subdelegados/as dos diferentes grupos e cursos do grao de Economía e ADE para charlar sobre a marcha do curso e comentar as funcións destes/as representantes do estudiantado. Na reunión estiveron tamén os/as coordinadores/as de curso e do grao, así como o equipo decanal. Foi unha reunión distendida na que se achegou información de interese para mellorar o funcionamento no grao.



Xuntanza co Comité Consultivo

O 29 de novembro reuniuse o comité consultivo de expertos/as externos/as da facultade na que participaron ademais do equipo decanal os representantes de diferentes institucións e organismos: Confederación de Empresarios de Galicia; Colegio Economistas A Coruña; Consellería de Facenda, Alumni USC, Cámara de Comercio de Santiago, Axencia Galega de Innovación; ClG e empresas: Financiera Maderera S.A. (FINSA), GADISA; Daveiga Producción Responsable, Plexus Tech .

Nela os membros do comité consultivo fixeron achegas sobre a modificación dos plans de estudos do grao en Economía e de ADE que deben rematar neste curso académico, e tamén sobre a organización das prácticas en empresas nas que a facultade conta coa súa colaboración.





Outras actividades desenvolvidas na Facultade

O catedrático emérito Xoán Carmona Badía participou o 29 de novembro no acto "O mundo dos Felices Anos 20. Unha Perspectiva dende Galiza", onde se explicou o contexto económico e social internacional durante a década de 1920 e a súa conexión coa xeración de estudantes e intelectuais que constituíron o Seminario de Estudos Galegos en 1923, na súa maioría da Universidade de Santiago de Compostela. O evento realizouse ao abeiro das Faíscas "Saber de Nós. Olladas no centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos" organizadas pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura.



A vicerreitora, Pilar Murias Fernández, e o profesor de Historia Económica e vicedecano de estudantes e mobilidade da facultade, Adrián Dios Vicente, participaron no acto.

O 11 de decembro presentouse o Informe da Economía Social en Galicia 2022, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos de Galicia (USC), con participación de profesorado e investigadores/as da USC e da UVigo.

O estudo realiza unha fotografía do sector e a súa evolución nos últimos anos, respondendo a unha das demandas do Plan de Acción Europeo da Economía Social, aprobado pola Comisión Europea en 2021 e que establece como un dos obxectivos chave aumentar a visibilidade da economía social mediante a recompilación de datos e estatísticas adecuados.

No estudo analízanse as entidades da economía social de mercado: cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral, mutuas e mutualidades, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación e comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.





Homenaxe a Manuel Colmeiro e Penido



O 21 de decembro, tivo lugar na facultade a homenaxe a Manuel Colmeiro y Penido. Colocouse unha placa conmemorativa con ocasión de que a Real Academia Galega de Ciencias declarase a este economista como Científico Galego do Ano 2023, o primeiro científico social que ten obtido este recoñecemento.

Ademais, presentouse o libro Manuel Colmeiro (1818-1894). Profesor, científico social e activista.

Recoñecementos ao PDI

As profesoras Sara Fernández López, Lucía Rey Ares e o investigador predoutoral Marcos Álvarez Espiño da facultade, e a profesora Sandra Castro González da facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo recibiron o IV Premio Finsalud. O traballo "Financial capability and households' financial vulnerability: Evidence for the Spanish case" foi publicado na

revista científica Managerial Finance, e afonda no estudo dunha posible relación entre a capacitación financeira e a vulnerabilidade financeira dos fogares españois.



Luis Alberto Otero González ingresou na Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras como académico de número. O discurso que ofreceu sobre "Inversión sostenible y cambio climático" alerta sobre a situación medioambiental do planeta e analiza o potencial do investimento sostible para revertir a situación.



Acordos relevantes das Comisi3ns da Facultade

Comisi3n Redactora do Plan de Estudos do Grao en Economía:

- 17 de novembro: Análise das propostas recibidas dos departamentos. Acordo sobre materias optativas de 4.5 créditos, materias obrigatorias de 6 créditos e sobre a non cabida de mencións.

Comisi3n de modificaci3n do Plan de Estudos do Grao en ADE:

- 10 de novembro: Exposici3n da proposta inicial de modificaci3n do plan de estudos. Solicitud de reflexi3n sobre a proposta e formulaci3n de propostas alternativas tendo en conta tanto os contidos obrigatorios como os optativos.
- 1 de decembro: Análise das respostas recibidas das áreas de coñecemento. Solicitud de propostas alternativas.

Comisi3ns Académicas de ADE e Economía:

- 20 de decembro: Informes de coordinaci3n dos graos en ADE e en Economía. Informe de execuci3n das acci3ns de mellora do 22-23.

Comisi3n de Calidade:




- 8 de novembro: Informaci3n sobre os procesos de modificaci3n das titulaci3ns de grao e mestrado. Proposta de borrador do plan de acci3n titorial dos mestrados.
- 23 de novembro: Declaraci3n de intenci3ns das modificaci3ns dos graos e dos mestrados oficiais do centro e informe razoado da comisi3n de calidade. Aprobaci3n do plan de acci3n titorial dos mestrados.
- 21 de decembro: Aprobaci3n do informe de execuci3n das acci3ns de mellora 22-23. Aprobaci3n do informe de alegaci3ns ao informe provisional de seguimento da ACSUG do máster en Economía.

Comité Consultivo:

- 29 de novembro: Informaci3n sobre os procesos de modificaci3n dos plan de estudo dos graos en ADE e Economía. Recollida de informaci3n e suxesti3ns do comité consultivo en relaci3n á modificaci3n das titulaci3ns.

Xunta de Facultade:

- 24 de novembro: Aprobaci3n da declaraci3n de intenci3ns provisional das modificaci3ns substanciais dos graos en ADE e Economía e das modificaci3ns non substanciais dos mestrados oficiais do centro. Aprobaci3n da proposta de nomeamento dos representantes do sector de alumnado nas Comisi3ns Académicas dos mestrados impartidos na facultade.
- 21 de decembro: Conversi3n da Comisi3n de Modificaci3n do Plan de estudos do grao en ADE en Comisi3n Redactora do Plan de estudos do grao en ADE. Aprobaci3n das solicitudes de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes. Aprobaci3n dos cambios na composici3n das Comisi3ns da Facultade (sector alumnado). Aprobaci3n da proposta de nomeamento do representante do sector do profesorado na Comisi3n Académica do máster DEIN.



Séguenos nas nosas redes sociais